

## NIVEIS DE ARSÉNICO EN OURIÑOS E CONSUMO DE PEIXE

O arsénico (As) é un metaloide amplamente distribuído na terra, auga e aire. Preséntase en dúas formas: a inorgánica (AsI) que é a forma máis tóxica, e a orgánica (AsO), menos tóxica, ou sen toxicidade, xa que se elimina rapidamente polos ouriños. O consumo de peixe e mariscos é unha das principais fontes de AsO na dieta, e coñécese como “As do peixe”, con dúas formas principais non tóxicas: arsenobetaína e arsenocolina, polo que para analizar As en ouriños é fundamental eliminar o consumo de peixe (incluído o enlatado) e o marisco como mínimo 48h antes.

A intoxicación por As, pode ser 1) aguda, que se presenta con vómitos, dor abdominal e diarrea, entumecemento ou formigo nas mans e pes ou cambras musculares e, en casos extremos, a morte; e 2) crónica con neurotoxicidade, diabetes, enfermidades pulmonares e cardiovasculares, hiperpigmentación da pel e hiperqueratose e algúns tipos de cancro (pulmón, pel e vexiga). O AsI está clasificado pola [IARC](#) como canceríxeno do Grupo I.

En febreiro, notificouse un posible caso de intoxicación crónica por As nunha persoa cunha neuropatía que presentaba niveis de As elevados, nunha mostra simple de ouriños. Outra persoa da mesma familia tamén presentou

niveis elevados mais sen síntomas, polo que se pensou que se estaba ante un abrocho. Ampliouse a investigación ao resto da familia, e a unha segunda familia na que se identificara a outra persoa con niveis elevados de AS, así como ás posibles fontes de exposición, incluída a auga de bebida, que non presentou arsénico. Mais ao solicitar a especiación do As (AsI/AsO) observouse que os niveis elevados eran a conta do AsO xa que o AsI estaba dentro dos valores de referencia [Apéndice]. Solicitouse que a análise se fixese en ouriños de 24h, xa que é o método recomendado.

Posto que estas dúas familias consumían peixe frecuentemente, analizouse novamente tras 7 días sen consumo deste produto (aos 7 días elimínase o 70-80% do As ingerido por esta vía), na que se observou na maioría dos casos unha baixada importante dos niveis de As total, a conta do AsO aportado polo peixe [Apéndice], o que indicaba que non había intoxicación por As.

Polo tanto, o que podía ser un abrocho non o foi, e é importante que ante unha sospeita de intoxicación por arsénico se solicite a analítica de ouriños de 24h previa eliminación do consumo de peixe e mariscos entre 48h e 7 días antes da análise e solicitar a súa especiación.

## RABIA E MORCEGOS EN ESPAÑA

A Península Ibérica está libre de rabia terrestre dende 1978 e a última sospeita en Galicia tivo lugar no 2015, cando unha muller foi trabada por un gato do que se sabía que estivera entre morcegos [[ligazón](#)]. En España, dende 1987, notificáronse 19 resultados positivos a lysavirus en morcegos que agrediran a persoas. Destes 19 casos, dous notificáronse neste ano, no mes de xuño.

O primeiro caso foi declarado en Huelva, o 21/06/2018, onde un varón de 19 anos foi mordido por un morcego, cando intentaba separalo da súa mascota. O segundo caso declarouse dous días despois, o 23/06/2018, na provincia de Valladolid, onde unha muller de 58 anos sufriu unha lesión nunha man ocasionada por un morcego.

En ambos casos, o animal foi capturado e enviado ao Centro Nacional de Microbioloxía, onde se confirmou a detección de

virus lysavirus europeo de morcego tipo 1 (EBLV-1).

Ambos pacientes recibiron profilaxe postexposición: inmunoglobulina (Ig) e vacina segundo a pauta recomendada. Máis información no Protocolo de control da rabia humana, accesible na web de Saúde Pública [[ligazón](#)].

Compre recordar que a profilaxe postexposición debe facerse o antes posible, acompañado ademais por unha limpeza minuciosa da ferida e unha valoración da situación de inmunidade antitetánica da persoa trabada.

Dada a gravidade da enfermidade, ante unha sospeita fundada, non existe ningunha contraindicación para a vacinación, nin durante o embarazo nin durante a lactación.

Calquera situación de sospeita de risco de rabia debe ser motivo de chamada urxente ao SAEG (teléfonos no rodapé).

## PARAGUAI LIBRE DE MALARIA

O 11 de xuño de 2018, a OMS acaba de certificar que Paraguai está libre de malaria [[ligazón](#)]. Deste xeito, Paraguai pasa a ser o primeiro país das Américas en recibir esta certificación, dende que Cuba a recibira no ano 1973.

Foi un importante reto de Saúde Pública para un país que notificou, nos anos da década de 1940, máis de 80.000 casos. De 1950 ao 2001, Paraguai elaborou as políticas e os programas para a eliminación da malaria, centrando as

actividades nun intenso manexo dos casos, o traballo directo coas comunidades e a educación nas medidas preventivas, diagnóstico e tratamento. Como consecuencia destas accións, en Paraguai rexistrouse o último caso de malaria por *P.falciparum* en 1995 e por *P.vivax* en 2011.

Outros países sudamericanos están adheridos tamén á iniciativa E-2020 [[ligazón](#)], que busca a eliminación no 2020.

## NIVEIS DE ARSÉNICO EN OURIÑOS E CONSUMO DE PEIXE

Análise de arsénico en ouriños nas dúas familias, en mostra de ouriños de 24h antes e tras o cese de consumo de peixe e mariscos durante 7 días

Referencia caso	Mostra 24h		Sen consumo peixe en 7 días	
	AsT (mcg/24h) <sup>1</sup>	Especiación AsI <sup>2</sup>	AsT (mcg/24h) <sup>1</sup>	Especiación AsI <sup>2</sup>
	1	98'1	3'79	61'53
2	433'38	6'14	16'56	5'02
3	<3'81	non realizada	23'32	2'08
4	777'75	5'25	24'02	4'73
5	15'41	non realizada	41'87	8'13
6	57'34	15'47	3'97	7'07
7	165'87	6'51	12'41	4'04
8	58'53	7'53	8'1	7'3
9	64'12	9'57	43'83	7'35

AsT: Arsénico total, que inclúe arsénico inorgánico (AsI) + arsénico orgánico (AsO)

Valor referencia: [1] AsT inferior a 50'00 mcg/24h; [2] AsI valor límite biolóxico inferior a 35 mcg/24h/L